

Información

Ⓢ Terán preferencia os nenos e nenas empadroadas no Concello da Coruña.

Ⓢ A Concellaría de Xustiza Social e Coidados poderá reservar ata o 20 % das prazas ofertadas neste campamento para persoas beneficiarias de programas sociais.

Ⓢ Na preinscrición poderán solicitarse ata tres quendas por orde de preferencia, que se solicitarán nun único impreso. No caso de que se detecte mais de un impreso a nome dun mesmo neno ou nena anularánselle todos.

Ⓢ No momento no que se entregue a preinscrición, asignaráselle un número que será o número para o sorteo. Os nenos e nenas que soliciten praza de NEE terán unha numeración e un sorteo propio.

Ⓢ Se un/unha menor resulta admitido/a e ten irmáns ou irmás cun número correlativo de preinscrición, ben sexa anterior ou posterior, todos obterán praza.

Ⓢ Ofértanse prazas para nenos e nenas con necesidades educativas especiais (NEE en diante) ou discapacidade, en grao que non lles impida participar nas actividades co grupo. As prazas serán repartidas entre as catro quendas e contarán con monitorado de apoio que non realizará tarefas de carácter hixiénico ou sanitario.

Ⓢ A preinscrición dos/das menores que soliciten praza de NEE acompañarase dunha ficha de coñecemento persoal que se facilitará no centro cívico de Monelos. Esta ficha permitirá ao monitorado coñecer e planificar os apoios necesarios para unha correcta atención do/da menor.

Ⓢ A inscrición supón o estrito cumprimento do horario do campamento de día.

Ⓢ Unha vez formalizada a inscrición, non se terá dereito á devolución do custo do campamento excepto por causas imputables ao prestador do servizo.

Ⓢ Non formalizar a inscrición no prazo establecido suporá a perda do dereito a praza

Reunións informativas

Antes de iniciar as quendas do campamento, os pais/nais dos nenos e nenas admitidas, poderán acudir a unha reunión onde se lles proporcionará información concreta sobre o campamento de día e recomendacións a seguir.

Todas as reunións celebraranse no salón de actos do centro cívico de Monelos.

Datas e horario das reunións

Ⓢ QUENDA 1: Xoves 28 de xuño ás 19.30 h

Ⓢ QUENDA 2: Xoves 12 de xullo ás 19.30 h

Ⓢ QUENDA 3: Xoves 26 de xullo ás 19.30 h

Ⓢ QUENDA 4: Xoves 9 de agosto ás 19.30 h

Recomendacións

Ⓢ Non traer aos campamentos aparellos electrónicos, videoxogos, móbiles, etc.


Ⓢ Levar roupa e calzado cómodo, unha gorra e crema de protección solar por si se realizan actividades no exterior.

Ⓢ Non levar diñeiro ou obxectos de valor pois a organización non se fai responsable das perdas ou rompeduras que poidan producirse durante o campamento.

Ⓢ É aconsellable que non asistan aos campamentos os participantes que teñan enfermidades contagiosas ou que presenten algún dos seguintes síntomas: máis de 37,5º de febre, vómitos ou diarrea, chagas ou aftas na boca, dificultade respiratoria, conxuntivite, erupcións ou alteracións atípicas na pel ou no caso de ter piollos ou lendias.

CAMPAMENTOS MUNICIPAIS DE DÍA 2018

Concellaría de Xustiza Social e Coidados



**Para nenos e nenas de 4 a 12 anos
cumpridos no momento da inscrición**

Preinscrición

DATOS DA NENA OU DO NENO

Nome _____

Data de nacemento _____

Empadroado/a no Concello da Coruña _____

Domicilio _____

Teléfonos _____// _____

DATOS DA NAI/PAI, OU TITOR/A LEGAL

Don/Dona _____,

con DNI _____ preinscribe á menor/ao

menor segundo a seguinte orde de preferencia:

QUENDA

1ª opción	
2ª opción	
3ª opción	

Praza para menores con necesidades educativas especiais (NEE) ou discapacidade _____

Número
Solicitud
Xeral

Número
Solicitud
NEE

Co fin de cumprir co artigo 5 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos proporcionados pasarán a formar parte dun ficheiro, do cal será responsable o Concello da Coruña e cuxa finalidade é a de xestionar os campamentos municipais realizados pola Concellaría de Xustiza Social e Coidados.

A persoa que asina declara que son certos todos os datos contidos na presente solicitude e autoriza ao Concello da Coruña a comprobar a veracidade dos datos facilitados. A falsidade ou ocultación de datos, levaría á anulación da solicitude e a retirada dos dereitos que se obtivesen.

Asinado:

A Coruña, a _____ de xuño do 2018

Campamentos de día

TEMÁTICA DO CAMPAMENTO

Nos campamentos de día realizaranse actividades deportivas e culturais, que fomenten o coidado e respecto ao medio ambiente e o bo uso dos espazos urbanos e adicarase unha hora diaria á práctica da lingua inglesa . En cada xornada do campamento, a todos os rapaces e rapazas, proporcionaráselle tres comidas:

- Media mañá, froita, galletas ou batidos
- Xantar, que constará dun primeiro prato, segundo prato e sobremesa
- Merenda, bocadillo de embutido ou queixo máis unha froita

En cada quenda, programaranse dúas saídas ou excursións no mesmo horario do campamento.

QUENDAS (Non haberá campamento fins de semana ou festivos)

- ⊗ **Quenda 1:** do 2 ao 13 xullo
- ⊗ **Quenda 2,:** do 16 ao 31 de xullo
- ⊗ **Quenda 3:** do 1 ao 14 e de agosto
- ⊗ **Quenda 4,** do 16 ao 31 de agosto

HORARIO

- **Actividades do campamento:** de 10.00 a 18.15 h.
- **Autobús:** a saída dende a primeira parada é ás 9.00 h e ao regreso, a chegada á última parada é as 19.15 h.

No momento da inscrición, poderanse consultar as rutas dos autobuses do campamento de día

LUGAR DE REALIZACIÓN DOS CAMPAMENTOS DE DÍA

Indicarase no momento da inscrición

Datas importantes

PREINSCRICIÓN

No centro cívico de Monelos, os días 6, 7 e 8 de xuño, de 11.00 a 13.30 e de 17:00 a 20:00 h.

SORTEO PÚBLICO

No centro cívico de Monelos o 8 de xuño as 20.15 h.

LISTAXE DE ADMITIDOS/AS E DE RESERVAS

19 de xuño. Consultaranse nos centros cívicos, na web www.coruna/servizizossociais e no Teléfono 010.

Os/as menores da listaxe de reservas, no caso de ser admitidos/as, serán avisados telefonicamente.

INSCRICIÓN

As datas da inscrición comunicaranse nos centros cívicos e na web www.coruna/servizizossociais o día da publicación das listaxes.

Para formalizar a inscrición será necesario aboar o custo do campamento e achegar unha fotocopia da tarxeta sanitaria e unha fotografía tamaño carné.

CUSTO DO CAMPAMENTO

85 € por participante e quenda

RESGARDO DE PREINSCRICIÓN

_____preinscribiuse nos campamentos de día, na seguinte orde de preferencia:

QUENDA

1ª opción	
2ª opción	
3ª opción	

Número
Solicitud
Xeral

Número
Solicitud
NEE